



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Anuncio das bases e a convocatoria do proceso selectivo socorristas acuáticos

Anuncio das bases e a convocatoria do proceso selectivo para a contratación laboral temporal a xornada completa de seis socorristas acuáticos e a elaboración dunha bolsa de emprego

Por Resolución núm. 660/2024 de 11 de xuño da Alcaldía do Concello de Muros, aprobáronse as bases do proceso selectivo para a contratación laboral temporal a xornada completa de seis socorristas acuáticos e a elaboración dunha bolsa de emprego, e que se transcriben a continuación:

BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA a contratación laboral temporal a xornada completa dE SEIS SOCORRISTAS ACUÁTICOS E A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Ten por obxecto esta convocatoria, o proceso de selección para a contratación temporal a tempo completo de seis socorristas acuáticos durante dous meses mediante contrato de traballo temporal e a elaboración dunha bolsa de emprego. A xornada será de luns a domingo cos descansos que establece a lei. As datas de inicio e de finalización dos contratos serán os establecidos na Resolución da contratación.

2. CARACTERÍSTICAS DO POSTO

Área de subscrición: Seguridade

Denominación do posto: socorrista acuático

Duración: 2 meses

Grupo: IV

Grupo de cotización: 6

Prazas: 6

Soldo por todos os conceptos: 1.565,00 €

Titulación: Certificado de profesionalidade de socorrista acuático segundo o previsto no punto 4 das bases.

Funcións: As funcións a desenvolver consisten nas tarefas propias dos propios dos socorristas acuáticos en espazos naturais. Así mesmo, realizarán aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais e polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do servizo.

3. SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será de concurso-oposición, que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 8 destas bases.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG), permita o acceso ao emprego público.

b) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas (CCAA), nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada.

No caso de persoal laboral, non ter sido separada mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Estar en posesión das capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

e) Estar en posesión do CELGA 3, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

A acreditación da competencia en lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao sistema de certificación de lingua galega (CELGA), actualmente vixente, ou ás súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do emprego público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten documentalmente a competencia da en lingua galega (CELGA 3, ou equivalente), ou que non estean en condición de acreditala documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de competencia en lingua galega, de conformidade ao previsto no punto 8 destas bases, e que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

f) Estar inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego e no Rexistro Profesional do Persoal de Socorrismo, información e Primeiros Auxilios de Galicia no momento de presentar a oferta de emprego e manter esta circunstancia ata o inicio da relación laboral co Concello de Muros.

g) Estar en posesión certificado de profesionalidade de socorrista en espazos acuáticos naturais ou equivalente, ou estar inscrita no rexistro profesional de socorristas de Galicia segundo o Decreto 104/2012 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ou ter solicitada a súa inscrición e cumprir os requisitos do art. 6 ou da disposición transitoria única do citado decreto ou ter o certificado de profesionalidade de socorrista.

5. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes para formar parte do proceso selectivo presentarase preferentemente pola sede electrónica do Concello de Muros (sede.muros.gal) utilizando o Anexo de solicitude publicado no sede electrónica do Concello de Muros (<https://sede.muros.gal/sxc/export/sites/muros/recursos/downloads/Varios/ANEXO-II-SOLICITUDE-EMPREGO-2024-CON-MERITOS.pdf>) e que tamén estará á disposición das persoas interesadas na web municipal <http://www.muros.gal>, no Rexistro xeral do Concello. O prazo para a presentación de solicitudes remata aos 10 días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación destas bases no BOP.

Igualmente, estas solicitudes tamén poderán presentarse no rexistro xeral do Concello, en horario de atención ao público (de 9.00 a 14.00 h), ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Neste último caso, as persoas aspirantes deberán comunicalo, enviando copia da instancia ao seguinte enderezo electrónico: notifica@muros.gal, durante o mesmo prazo ca o de presentación de solicitudes. No caso contrario, quedarán excluídas do proceso selectivo

Xunto co Anexo II asinado, as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- Copia do DNI
- Declaración responsable de que cumpre as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para a realización da proba práctica prevista nestas bases (Anexo II).
- Declaración xurada de aceptar as bases e de cumprir os requisitos exixidos no apartado 4 (Anexo II).
- Declaración responsable de que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndose a presentar os orixinais no caso de que sexan requiridos (Anexo II).
- Autorización ao Concello de Muros do uso dos datos e da documentación presentada para os fins precisos en relación a este procedemento, así como a cesión da mesma aos organismos públicos que correspondan a efectos de xustificar a subvención que financia esta contratación (Anexo II).
- Documentación acreditativa do punto 4 destas bases e da establecida no punto 8 a efectos do concurso de méritos

As persoas con necesidades especiais deberán facelo constar nas súas instancias, sinalando se precisan adaptación das probas. A condición de persoa con discapacidade acreditarase coa certificación correspondente expedida polo órgano competente.

6. ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Nesta resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica (sede.muros.gal), indícase o nome e o DNI codificado das persoas admitidas e excluídas, coas causas da exclusión, concedendo un prazo de dous días hábiles para a corrección da documentación necesaria para participar no proceso. Nesta mesma resolución publicárase a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citarán para a súa primeira sesión (constitutiva) así como a data da realización primeiro e segundo exercicio da fase de oposición.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicárase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros. No caso de non haber persoas excluídas so se publicará a relación definitiva de persoas admitidas.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal, cuxa composición se adecuará aos criterios de imparcialidade e profesionalidade e paridade entre homes e mulleres, así como aos restantes requisitos previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 59 da Lei do emprego público de Galicia), estará conformado por unha presidencia, unha secretaría e tres vogalías con titulación igual ou superior ao requirido para o postos de traballo que se pretende cubrir.

Os membros do tribunal, deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

No nomeamento dos membros do tribunal deberán respectar as seguintes regras:

- O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O nomeamento das persoas especialistas corresponderalle a Alcaldía ou á Concellería delegada a proposta do tribunal.
- O tribunal cualificador tamén poderá propoñer a designación de persoal administrativo colaborador, que será resolto por decreto da alcaldesa ou de concelleira/a delegada/o con competencias na materia, co obxecto de prestar auxilio ao mesmo no desenvolvemento das probas no suposto de que o número de aspirantes convocados así o aconselle a fin de garantir un áxil e adecuado desenvolvemento do proceso selectivo.
- Os membros do tribunal, así como aqueles asesores especialistas que nomee, terán dereito ao abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. No caso de que os membros do tribunal sexan traballadores municipais, unicamente percibirán dietas. As indemnizacións do persoal administrativo colaborador, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.
- O órgano encargado da selección neste proceso será o tribunal de selección, que asumirá a consideración, verificación e apreciación das incidencias que puiden xurdir no desenvolvemento dos exercicios e adoptará ao respecto a decisión que estime oportunas.
- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, polo menos, da metade dos seus membros, e, en todo caso, sen asistencia do presidencia e secretaría, ou quen os substitúa.
- O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e ao resto do ordenamento xurídico.

Por cada sesión do tribunal levantarase acta, asinada por todos os membros do tribunal asistentes.

Os membros do tribunal, así como os asesores especialistas designados, terán que absterse de intervir cando concorran algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou 59.2 da lei 2/2015, do emprego público de Galicia, ou se tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas, ou houberan colaborado con centros de preparación de opositores, nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria do proceso que regulan estas bases.

A presidencia poderá solicitar dos membros do tribunal e dos asesores especialistas declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou 59.2 da lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

A concorrencia de calquera de ditas causas deberá ser comunicada ao órgano competente.

As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas na presente base conforme ao precepto citado no parágrafo anterior.

Ante a renuncia, abstención, aceptación da recusación ou calquera outra circunstancia similar que afecte a un dos membros do tribunal, o órgano competente procederá á designación dun novo membro que substitúa ao anterior.

Por resolución da Alcaldía ou a Concellería delegada nomearanse aos novos membros do tribunal que substituirán ás persoas que perdesen tal condición por algunha das causas mencionadas anteriormente.

Os acordos adoptados polo tribunal cualificador poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a alcaldía nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

8. PROCEDIMIENTO SELECTIVO

Os anuncios do tribunal efectuarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluída, previa audiencia da persoa interesada, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

As persoas aspirantes terán un prazo de dous días dende a publicación dos acordos do tribunal para presentar reclamacións que consideren oportunas.

Os exercicios da fase oposición serán de carácter obrigatorio

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal. O tribunal publicará todos os acordos no taboleiro de edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://muros.sedelectronica.gal>). O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo as persoas aspirantes acadar ata un máximo de 12,5 puntos, que se desenvolverá como se detalla a continuación:

A. FASE DE OPOSICIÓN

1. Primeiro exercicio, ata un máximo de 10 puntos

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario tipo test de 10 preguntas relacionadas co programa relacionado no anexo I destas bases nun tempo máximo de 15 minutos. Este exercicio ten carácter obrigatorio e non eliminatorio debendo obter un mínimo de 5 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 1 puntos, mentres que as erradas restarán a puntuación en 0,10 puntos. As preguntas non contestadas non restan puntos.

2. Segundo exercicio, apto/non apto

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 3 ou equivalente) terán que realizar unha proba obrigatoria de competencia en lingua galega, antes do inicio da fase de oposición. O Servizo de Normalización Lingüística municipal asesorará ao tribunal e colaborará na confección e corrección da correspondente proba.

A proba determinará o tribunal inmediatamente antes da súa realización, será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia similar á esixida para o CELGA 3.

Esta proba será cualificada como apta ou non apta e quedarán eliminados do proceso selectivo aquelas persoas que non acaden a cualificación de apta, dado que non cumpriran o requisito esixido no punto 4 e) destas bases.

B. FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

a) Por servizos prestados en prazos iguais ou de semellante función, máximo de 2 puntos

A experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes características puntuarase con 0,20 puntos por mes de servizo ata un máximo de 2 puntos.

Forma de acreditación dos servizos: *Fotocopia compulsada do contrato de traballo e certificación de vida laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e as funcións desempeñadas. Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e redu-*

circunstanza proporcionalmente os prestados a tempo parcial. No caso de que a relación fose funcionarial, deberán acreditarse os servizos mediante o nomeamento, a toma de posesión e a certificación da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Se os servizos derivan dunha actividade por conta propia acompañarase obrigatoriamente a copia do contrato de servizo que dera lugar a experiencia alegada e a alta no réxime correspondente. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e a función desempeñada. Non se valorarán as actividades por conta propia nas que non se achegue esta documentación. Non se terán en conta outras formas de acreditación dos servizos e, en ningún caso, un certificado de servizos prestados poderá substituír ao contrato de traballo ou a resolución de nomeamento e toma de posesión.

A documentación acreditativa dos servizos realizados deberá achegarse xunto co anexo II.

A experiencia laboral no Concello de Muros será acreditada polo propio concello previa declaración dos servizos prestados.

b) Por estar en posesión da titulación de PER ou PNB, similar ou superior, máximo de 0,5 puntos

9. RESOLUCIÓN E CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

A puntuación obtense do resultado da suma dos exercicios anteriores. No caso de empate de dúas ou máis persoas candidatas, realizarase un sorteo público para dirimir o empate.

O tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada unha das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente, e propondrá a Alcaldía a contratación dos seis aspirantes con maior puntuación e aprobación da bolsa de emprego cos restantes aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente da puntuación final.

10. FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

A bolsa de emprego, segundo a orde de puntuación obtida, funcionará de acordo coas seguintes normas:

Nos supostos de necesidade de cobertura de unha ou varias prazas de persoal ao que se lle poida aplicar os requisitos de titulación e formación destas bases, comunicarase telefonicamente a primeira persoa da lista. Si esta persoa non colle a primeira chamada telefónica, enviaráselle un correo electrónico, whatsapp e/ou un SMS informándoo desta circunstancia, que deberá notificar nun prazo máximo de 1 día hábil a súa dispoñibilidade.

Este chamamento, se é o caso realizase como máximo en 3 ocasións en 2 días distintos.

O empregado público que realice estas actuacións deberá deixar constancia destas actuacións mediante dilixencia no expediente.

A renuncia a unha oferta sen motivo xustificado, ou a ausencia de resposta ao chamamento, suporá que a persoa aspirante pase ao último lugar da correspondente bolsa de emprego, agás que esta sexa por causa xustificada documentalmente.

Considéranse causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e por tanto non pasará o/a candidato/a ao último lugar da lista, e quedará na mesma posición como non dispoñible ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:

- Estar en situación de Incapacidade Temporal, debidamente acreditado.
- Estar en situación de baixa por maternidade, paternidade ou adopción, debidamente acreditado.
- Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grao, hospitalización ou operacións programadas debidamente acreditado un abano de 15 días.
- Estar en situación de emprego activo, debidamente acreditado.
- Outras causas debidamente xustificadas.

As persoas aspirantes que xustifiquen algún destes extremos, quedarán en suspensión de chamamentos ata que comuniquen ao concello que están dispoñibles para traballar.

Unha vez chamada á persoa candidata segundo a orde de prelación da bolsa de emprego, esta deberá achegar no improrrogable prazo de 2 días:

1. Declaración xurada de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto ofertado.
2. Declaración de non estar afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separada, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitada para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Esta-

do, non estar inhabilitada ou en situación equivalente, nin estar sometido/a á sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

3. Número de Afiliación a Seguridade Social.

4. Certificado de número IBAN de conta bancaria.

Non será necesario presentar a documentación dos puntos 3 e 4 cando xa figure no concello.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente. Neste caso a persoa volverá ao posto que tiña na bolsa de emprego.

A duración máxima dos contratos será a establecida no artigo 15 do Estatuto dos traballadores modificado polo Real Decreto Lei 32/2021 de 28 de decembro. Quedarán en suspenso os chamamentos daquelas persoas que nun prazo dun ano acumulen un tempo traballado de mais de seis meses, incluída a nova contratación. Esta limitación non afectará aos contratos de interinidade,

11. INCIDENCIAS

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; e, todo isto, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

12. NORMATIVA APLICABLE

O proceso selectivo rexerase polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

13. FINANCIAMENTO

O proxecto financiaranse con recursos propios do concello de Muros con cargo as aplicacións orzamentarias 24/170.13100 e 24/170.16000 no RC 2202400003854 de 11 de xuño de 2024. As retribucións dos postos de traballo quedan fixadas en 1.465,00 € brutos mensuais, por todos os conceptos, máis a indemnización por remate de contrato.

14. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Muros coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que deriva da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos basease no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Muros ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Todo o cal, infórmase en cumprimento do disposto no art. 11 e ss. da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

15. RECURSOS

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña. Os prazos contaránse dende o día seguinte á publicación da resolución.

Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao contencioso administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado dende a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

ANEXO I. TEMARIO

Tema 1. O Concello de Muros. Xeografía. Organización territorial e toponimia.

Tema 2. Previr accidentes ou situacións de emerxencias nas praias.

Tema 3. Rescate de persoas en caso de accidente ou situación de emerxencia en espazos acuáticos naturais.

Tema 4. Primeiros auxilios.

Muros, 17 de xuño de 2024

A alcaldesa,

D^a María Lago Lestón

2024/4338